

Inicio de curso: moitos temas pendentes

O STEG, ao inicio deste curso, presentoulle por escrito ao Secretario Xeral de Educación, presidente da Mesa Sectorial de Ensino, unha serie de temas que consideramos deben ser negociados á maior brevidade posible para unha mellora na calidade do ensino galego.

Algún destes temas son de especial urxencia, como por exemplo todo o derivado da adxudicación de destinos provisionais de Secundaria:

- Lembremos que **por mor da redución de persoal nos IES, preto de 700 prazas teñen adxudicada algunha afin**, en moitos casos esperpénticas (prazas de Filosofía que ademais teñen que impartir Informática e Economía,...)

- **Debido a esta redución e á mala planificación da consellaría, máis de 150 persoas interinas (algunha delas con máis de 10 anos traballados) quedaron sen praza. É imprescindible que se abran negociacións para a estabilidade deste colectivo**, como desde fai moito tempo vén reclamando o STEG.


Outro tema urxente é incumprimento do acordo de catálogos de Primaria. Nas normais xerais dise que: "Cando os cadros de persoal básicos non permitan cubrir as horas de redución do equipo directivo, as reducións por coordinación docente e outras establecidas regulamentariamente, así como un número suficiente de gardas para incidencias, a

Administración dotará ao centro dos recursos necesarios para a súa organización." A Administración, ter tiña que dotar, pero a resposta habitual é "acabóusenos o cupo, tedes que apañarvos co que hai".

Tamén queremos tratar o antes posible todo o referido ao que está a pasar coa Orientación: centros con 12 ou máis unidades con orientación compartida cando o que deberan era ter departamento propio, creación da figura de orientación compartida por medio dunha circular, incumprindo a orde do 24 de xullo de 1998, etc, etc.

Outros temas que teñen que pasar con urxencia pola Mesa Sectorial son os Regulamentos Orgánicos, desde maio do 2006, xa vai sendo hora que se adapten á LOE; **a dotación de administrativos para os centros;** a redución das rateos... está a rematar a lexislatura e aínda non empezaron a cumprir a promesa das anteriores eleccións; **a redución horaria para maiores de 55 anos**, tamén pendente desde a entrada en vigor da LOE; **a revisión do acordo retributivo que remata en xaneiro do 2009...**

Como se pode ver, son bastantes os temas que están pendentes de negociar e que a Administración ten adiados, pero **falando da Mesa Sectorial, tal vez o que máis adiado ten a**



Administración é a constitución da mesma, pois desde as eleccións do 2006 aínda esta sen constituír. Agardemos que este ano lle toque.

Adxudicación de destinos:

Un exemplo de pésima planificación que se convirte nunha aldraxe para a calidade do ensino e para o profesorado.

Redución de profesorado

Unha cousa é racionalizar os recursos e outra ben distinta deixar a centros sen posibilidades de facer apoios, coa imposibilidade de levar adiante programas de diversificación curricular, de ter que solicitar prazas con 3 afíns completamente dispares...

O estatuto docente do profesorado

O MEC quere retomar as negociacións sobre o estatuto docente. Un estatuto que convertirá a nosa profesión nunha carreira de obstáculos e de competitividade entre o profesorado.

O decreto do galego no ensino

Igual que aconteceu coa LNM, o decreto séguese a incumprir. Nas cidades o 16,5% das nenas e nenos de entre 3 e 6 anos non recibe nin unha hora en galego.

Con que Europa queremos converxer?

O informe da OCDE, "Panorama da educación 2008", revela que no que atinxe ao gasto educativo, no canto de converxer con Europa, cada vez distanciámonos máis.

Oposicións 2008

Unha vez máis se demostra que aparte de non ser o modelo idóneo e necesario o reparto de prazas por tribunais.

O misterioso decreto de Infantil.

Este curso a Educación Infantil ten que rexirse pola LOE, pero iniciado curso aínda non foi publicado o decreto que marca o currículo desta etapa. Desde decembro do 2007, está "desaparecido".

O estatuto docente do profesorado

A finais do curso pasado, o proxecto de estatuto da función pública docente quedou paralizado debido, en grande medida, á presión que o STEG e a confederación á cal pertence (STEs-i), exerceron na súa contra (véxase a nosa campaña rexeitando o estatuto durante as últimas eleccións á xuntas de persoal). **Despois de pasadas as eleccións ao parlamento estatal, o MEC quiere reiniciar as negociacións sobre o estatuto, partindo do último borrador que data do 4 de outubro do 2007.**

Os motivos do noso rexeitamento son varios:

Para o STEG, conseguir un Estatuto Docente non foi —nin é— un tema prioritario, pois **a normativa existente é suficiente para ordenar a función docente**, non mellora as condicións laborais do profesorado e tampouco a calidade do ensino. **O que reclamou historicamente o STEG a través de STES-Intersindical é o recoñecemento do dereito á negociación colectiva, negada ao funcionariado, ou ás cláusulas automáticas de revisión salarial en función da suba do IPC.** E como criterio de negociación destes asuntos sempre apostamos por unha norma básica de mínimos a nivel do Estado e á negociación do desenvolvemento das competencias en cada nacionalidade.

No artigo nº 30: Carreira profesional dos funcionarios de carreira dos corpos docentes, regúlase a promoción docente como unha “carreira” de 7 graos, na que o individual prevalece sobre o colectivo, esquecendo o traballo en equipo e os proxectos educativos compartidos. **Traslada á vontade individual a realización do que ten que ser o fundamento e un deber básico do labor docente: “A implicación na mellora do ensino e do rendemento dos alumnos”.**

A estruturación do colectivo docente en corpos, e estes en graos, lévanos a unha estratificación retributiva provocando unha diferenciación en franxas de intereses non coincidentes, con tendencia á individualización (“retribución á maior dedicación ao centro” —rompendo a xornada laboral igual para o colectivo e promovendo as horas extras—), deste xeito, a capacidade de defensa dos intereses colectivos vai resultar seriamente ameazada.

Insistimos, de novo, na nosa oposición frontal á carreira de obstáculos, de competitividade e desunión entre o profesorado —propias do peor da empresa privada— no que a proposta actual pretende converter a carreira docente.

O MEC quiere reiniciar as negociacións sobre o estatuto

Regúlase a promoción docente como unha “carreira” de 7 graos, na que o individual prevalece sobre o colectivo

A capacidade de defensa dos intereses colectivos vai resultar seriamente ameazada

No STEG opoñémonos frontalmente á carreira de obstáculos, de competitividade e desunión entre o profesorado

OPOSICIÓNS 2008

Coa entrada en vigor da Transitoria para o acceso á función pública docente, curso 2006-07, criticada polo STEG ao non recoller **o modelo de acceso que consideramos mellor para o ensino público, isto é: o acceso diferenciado ou de dobre vía, con prazas para profesorado interino por un lado e para o libre por outro.** No STEG levamos feito varias reflexións, non só sobre o modelo, senón sobre unha serie de actuacións que, parellas ás convocatorias, non fan máis que xerar inestabilidade laboral e desvalorizar a función pública docente.

A inestabilidade laboral agudízase debido a falta de previsión na oferta de prazas das dúas últimas convocatorias, provocando problemas para o mantemento do posto de traballo das persoas interinas, e chegando incluso, nalgunhas especialidades, a hipotecar a oferta de traballo nos vindeiros anos e a ter funcionariado en prácticas sen destino. **A esta falta de previsión de futuro engadir o que agora mesmo está a pasar, a oferta de prazas multifunción**, nas que a realidade supera á ficción: bioloxía xunto con música, matemáticas e educación física, por exemplo.

A desvalorización da función pública docente maniféstase xa coa ambigüidade coa que se redactan as convocatorias, a tardanza na publicación dos lugares nos que se van celebrar as probas e sobre todo **no tocante aos baremos, coa puntuación dunha formación que a Consellería non é quen de ofertar, desatendendo a formación permanente do profesorado.** Tamén, cando se permite que persoal laboral de relixión se lle conte a súa antigüidade como a dunha especialidade docente máis (será esta unha porta para que fagan o mesmo co profesorado da privada?).

A ineficacia das Comisións de Selección, completan este delirante panorama, naquelas especialidades nas que haxa máis dun tribunal, incapaces de resolver problemas como os que se lle encomenda no punto 5.13.1, c, DOG 16 de abril de 2008, “A determinación de criterios de actuación dos tribunais e a súa homoxeneización”, tal e como se puxo de manifesto co acontecido nos tribunais de francés de PES, nos que vista a descompensación de notas entre un e outro, modificáronse as notas dun tribunal unha vez

que xa foran colgadas na rede. Sen chegar a estes extremos, a distribución de aprobados por tribunais soe deparar bastantes desaxustes, por poñer un exemplo: en Educación Infantil, e co mesmo número de persoas presentadas o Tribunal 5 que actuaba en Lugo deu 21 prazas e o Tribunal 11 de Pontevedra (Tribunal da presidenta da comisión de selección) 3.

Por moi boa vontade que teñan as persoas do tribunal de facer as cousas o máis obxectivamente posible, está claro que con este sistema todos os anos hai persoas que rematan a oposición pensando que se tiveran a sorte de presentarse en tal tribunal, terían conseguido praza.

É por isto polo que dende o STEG insistimos na necesidade de repartir as prazas por tribunais. Que estes se limiten a poñer as notas e que despois sexa a comisión a que aplique o baremo e saque a listaxe de persoas con praza.

O misterioso decreto de infantil.

Segundo o RD 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecido na LOE, neste curso que agora comeza, o 2008-2009, as administracións educativas deberían implantar as ensinanzas correspondentes ao 1º e 2º ciclos de educación infantil, como así foi; porén, **nese mesmo RD, establécese que antes do 31 de decembro do 2007, esas mesmas administracións educativas deberían ter aprobado o decreto polo que se establece a ensinanza infantil, sendo aí onde reside o problema.**


Nestes momentos, co curso xa comezado e co profesorado necesitado dun decreto co que concretar e completar o currículo de educación infantil mediante a elaboración dos proxectos curriculares do ciclo que teñen por obxecto garantir unha actuación coherente, coordinada e progresiva do equipo docente, atopámonos con que a Consellería aínda non publicou

o Decreto que estableza o currículo da educación infantil en Galiza.

A Consellería tivo tempo dabondo, desde decembro de 2006, de elaborar ese decreto tan necesario, agora ademais tan urxente, para garantir un ensino de calidade na educación infantil. Non nos explicamos que sucedeu con esta normativa, pois foi ditaminada polo Consello Escolar de Galiza en outubro do ano pasado. **O 5 de decembro do 2007, o Consello Consultivo emitiu un informe favorable, e a partir de aí pérdese a pista.**

A conselleira, a semana anterior a empezar o curso, di que non hai ningún problema, que hai normativa estatal, que nalgunha outra comunidade tampouco se publicou... pero, por que non está publicado en Galiza?... non sabe non contesta.

DESAPARECIDO



Visto por última vez en decembro de 2007
Calquera información: poñerse en contacto co STEG

ADXUDICACIÓN DE DESTINOS : Un exemplo de pésima planificación que se converte nunha aldraxe para calidade do ensino e para o profesorado

Como todos os anos no mes de setembro a Consellería fai públicas as adxudicacións de destinos de Primaria e de Secundaria. Desgrazadamente, podemos considerala a adxudicación máis conflitiva e contraria aos obxectivos dun ensino de calidade dos últimos anos. Os motivos desta consideración son os seguintes :

- **PARO:** despido de centos de profesores con máis de 20 anos de servizo no ensino público galego, e a imposibilidade, ademais, de traballo para os docentes substitutos.

O STEG ven denunciando, desde o inicio deste proceso opositor, que a precariedade na que se atopa este colectivo ía rematar coa maior precariedade: o paro. Podemos dicir que isto era a crónica dunha morte anunciada. **Nas distintas mesas de educación a nosa organización non deixou de demandar o inicio das negociacións de estabilidade para este conxunto de docentes.** A administración oponse constantemente co argumento de que o proceso de estabilidade será o sistema actual de oposicións.

O tempo danos a razón e lonxe de ser un sistema que solucione os conflitos, converteuse, como xa predicíamos, nun xerador de conflitos sociais.

Esta falla de previsión vai deixar sen a posibilidade de acceso ao traballo a milleiros de docentes que estes últimos cursos viñan prestando os seus servizos ao sistema galego de ensino.

Agora máis que nunca é imprescindible un proceso negociador que remate na consecución dunha estabilidade á que se ten dereito polas servizos prestados.

- **PRIMARIA:** adxudicación de vacantes por especialidades distintas polas que se aprobou a oposición.

Na adxudicación de destinos de educación primaria para este curso 08-09 a Consellería errou estrepitosamente nas súas previsións provocando unha merma na calidade do ensino público e unha flagrante conculcación da LOE. Nas oposicións deste ano pretendíase, tal como di a orde, colocar ao profesorado pola especialidade pola que aprobara, algo que resulta importante tanto para o profesorado como para o alumnado. A sorpresa da adxudicación de destinos é que a centos de profesores que aprobaron por Educación Primaria están a obrigalos a impartir especialidades para as cales non teñen a formación axeitada. Resulta escandaloso que envíen para prazas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe a profesorado de Educación Primaria en centros onde hai alumnado con necesidades educativas especiais. Os casos tamén se multiplican noutras especialidades como a Educación Física.

E aínda resulta máis grave saber que era posíbel colocar as persoas polas súa especialidade xa que entre o 1 e o 2 de setembro fíxose un chamamento a 530 interinos/as pola súa especialidade. Desde o STEG denunciámos esta absoluta falla de previsión que diminúe a calidade do ensino público galego.

- **SECUNDARIA:** adxudicación de vacantes con afinidades imposíbeis.

A Consellería ven de crear a figura do superprofesor: é aquel que ademais da súa formación ten a capacidade de impartir cultura clásica, bioloxía, informática, economía, latín, francés, inglés e unha longa restra de saberes...

É un escándalo para a calidade do ensino o mero plantexamento de certas vacantes con afinidades que non podemos dicir antagónicas porque os saberes non o son, pero que están lonxe dunha formación semellante e que, en ningún caso, poden habilitar para unha formación adecuada do noso alumnado.

Ante estas situacións non podemos máis que supoñer que esta Consellería está abducida por un espírito economicista que lle leva a ter un único criterio: optimización de recursos.

Esta especie de slogan neoliberal ou empresarial tradúcese no ensino en: paro, pésima calidade de ensino, peores condicións laborais do profesorado e en definitiva un mal que acabará pagando a sociedade galega no seu conxunto.

Redución de profesorado

O problema da calidade do ensino e das condicións laborais do profesorado agrávase despois desta drástica redución de profesorado.

Non moitos os centros que non van poder levar adiante programas nos que participaban en anos anteriores, centros nos que non se van poder levar a cabo reforzos e apoios educativos, centros que quedan sen programas de diversificación curricular...

Esta redución de docentes está a provocar que o alumnado non teña dereito a cursar materias optativas e que o profesorado se vexa obrigado a impartir materias que non son da súa especialidade.

Resulta case kafkiano que centros que aumentan a oferta educativa con ciclos ou con máis alumnado estean a ver reducido o profesorado a respecto do curso pasado.

Non só se limita a posibilidade educativa do alumnado senón que **estamos ante o maior ataque á calidade do ensino dos últimos anos.**

Como exemplo da calidade de ensino que pretende esta Consellería expoñemos algúns exemplos :

- profesorado de filosofía impartindo latín, informática, economía, xeografía....
- profesorado de latín impartindo música, informática...
- profesorado de educación física con música e debuxo... e poderíamos seguir cunha longa lista de aldraxes á calidade do sistema educativo do noso país.

Resulta paradoxal que invoquen a economía para a redución de profesorado cando hai centros onde profesoras/es están a facer 5 ou 6 horas de garda e teñen alumnado que quere cursar optativas do seu Departamento que permite a Administración por ser un número insuficiente. Máis grave resulta o caso anterior se pensamos que iso acontece no rural. É todo isto calidade de ensino?.

Non debemos esquecer que este recorte afectará de forma alarmante ao profesorado que viña realizando substitucións nestes últimos cursos.

Seguiremos a esixir unha dotación de profesorado adaptada á realidade dun ensino galego de calidade e unha solución ao profesorado que presta servizos a esta Consellería. De non ser así verémonos na obriga de continuar coas mobilizacións que consideremos oportunas



Concentración a prol da estabilidade do profesorado interino e contra a redución de prazas. *Mércores 17 de setembro.*

Con que Europa queremos converxer?

A recente publicación dos datos relativos ao ano académico 2005-2006 recollidos no informe **Panorama de la educación 2008**, elaborado pola OCDE, permite unha análise comparativa obxectiva, en termos cuantitativos, dos sistemas educativos dos países da UE.

Este informe pon de manifesto que no conxunto do estado, **o gasto público en educación con respecto ao PIB descendeu entre 1995 e 2005, aumentando a súa diferenza con respecto á media da OCDE e da UE**. Así, en 1995 o gasto en educación representaba o 4,6% do PIB, e no ano 2005 esta porcentaxe era do 4,2%. En Galiza esta cifra é do 4,7% do PIB, aínda moi lonxe do necesario, máxime tendo en conta que o PIB galego non chega ao 75% da media europea.

Desde o STEG demandamos reiteradamente que o gasto destinado a educación converxa co dos países máis avanzados de Europa, é dicir, que se destine o 7% do PIB, para paliar o déficit de investimento en educación acumulado ao longo das décadas de historia do noso sistema educativo.

No mesmo período analizado, **o Estado Español é o país no que máis se incrementou o financiamento público do ensino privado motivado**

polo progresivo incremento dos concertos.

Desde o STEG consideramos inaceptable esta situación, como vimos denunciando ano tras ano, tanto no que se refire á redución relativa de recursos económicos para a educación, como **o despilfarro que supón o mantemento con cartos públicos de dous sistemas paralelos de educación.**

Os datos reflicten tamén que é o ensino público o que garante unha maior calidade e atención ao alumnado: o tamaño medio das aulas é inferior-no caso de Primaria- ou similar –no caso de Secundaria- á media europea no ensino público, e sensiblemente superior no ensino privado.

Resulta moi revelador tamén o indicador que reflicta que **unha parte importante das tarefas non docentes son realizadas no sistema educativo español por persoal docente, o que explica a maior proporción de gasto destinado ao profesorado no conxunto do estado respecto á media na OCDE**. Esta situación é especialmente grave en Primaria, onde ademais, o número de horas netas de clase do profesorado é superior ao do profesorado da OCDE e da UE.

Gasto público en educación como porcentaxe do PIB

Noruega	7
Suecia	7
Finlandia	6,3
Francia	5,5
México	5,3
Reino Unido	5,4
Portugal	5,4
OCDE	5,4
Países Baixos	5,2
Estados Unidos	5,1
Alemaña	4,5
Brasil	4,5
Italia	4,4
España	4,2
Grecia	4
Xapón	3,5
Chile	3,2

O decreto do galego no ensino

Logo de máis de un ano da súa aprobación e despois de levar un curso implantado nos centros educativos da Galiza cómpre facer unha valoración sobre o cumprimento ou non do Decreto do Galego no Ensino.

A primeira vista e a teor do visto na prensa, **a situación parece contraditoria, por un lado fálase de incumprimento do decreto especialmente nalgúns centros das vilas e cidades, por outro lado hai organizacións que co apoio de certos medios de comunicación fan un ataque do decreto pois parécelles excesiva a súa aplicación.**

Podemos afirmar que se repite a historia de falta de vontade para cumprilo

Máis imos ós feitos: o decreto 124/2007 establece unha regulamentación, para nós exigua, podería ser válido hai 20 anos pero agora precisábase unha regulamentación cuns obxectivos maiores cara ó galego, e ademais **podemos xa afirmar que se repite a historia da falta de vontade para cumprilo**. Hai como unha pax con respecto ao idioma que se converte nunha morte.

Logo dun ano de andaina do decreto os datos empíricos (tirados das enquisas sociolingüísticas dos centros) dannos unha situación de mellora e cumprimento dalgúns aspectos do decreto pero tamén datos de graves incumprimentos do mesmo, así:

Nas cidades o 16,5% de nenas e nenos de entre 3 e 6 anos non recibe nin unha hora en galego

Estase a incumprir o decreto en Infantil e no 1º ciclo de Primaria onde, segundo os datos, o 16,5% das nenas e dos nenos de entre 3 e 6 anos das sete cidades non recibe nin unha hora en galego e o 10% destas/es nenas/os só recibe unha hora ó día en

galego. A máis do anterior, o 65 % do alumnado de entre 3 e 6 anos das cidades estudan en centros onde non se cumpre coa obriga legal de cando menos o 50% das horas en galego. Que dicir ten que polo tanto tamén se está a incumprir coa obriga legal de fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego. A situación da lingua galega en EI e 1º ciclo de Primaria é penosa, a pesar dos avances dados neste curso. O cal é especialmente grave porque pode representar en moitos casos unha desgaleguización no tránsito da familia á escola e, de forma indirecta, da non transmisión interxeneracional do galego. Na EI é significativa a desproporción no uso das linguas na aprendizaxe da lectura e da escritura, claramente desfavorable cara ó galego.

Non poderemos avanzar no proceso normalizador da nosa lingua si non conseguimos unha maior presenza do galego na incorporación das nenas e dos nenos á lingua escrita e á lectura, pois isto marcará decisivamente a súa relación posterior co idioma.

Podemos falar de cumprimento do decreto en Primaria e próximos á normalidade no uso da lingua galega na ESO – nas materias nas que é obrigado o galego-, aínda que no resto das materias estamos aínda moi lonxe de achegarnos ás porcentaxes presentes no decreto, incumprindo por tanto o alí expresado.

O 65 % do alumnado de entre 3 e 6 anos das cidades estudan en centros onde non se cumpre coa obriga legal de cando menos o 50% das horas en galego

O incumprimento do decreto é aínda máis palpable no Bacharelato e na FP, onde nalgúns casos nin se aplica a normativa nas áreas nas que é obrigado o uso do galego, e onde o profesorado ten moitos problemas para atopar material didáctico en galego para as súas materias, especialmente na FP.

Para avanzar no proceso normalizador cumprirá:

- Levar á práctica de forma efectiva o decreto en todos os centros educativos do país. Verificando se se está ou non a cumprir.
- Non podemos permitir que exista un grao de fracaso insólito da lexislación, incumprindo a normativa incluso naquelas áreas nas que o galego é de uso obrigatorio.
- Incidir no proceso normalizador da EI de 3 a 6 anos, máis aínda agora que temos unha base de nenas e nenos de 0 a 3 anos que están a recibir a súa aprendizaxe en galego, pois non podemos permitir a desgaleguización das nosas crianzas.
- Aumentar o número de materiais didácticos en lingua galega e adaptados á realidade do noso país.
- Fomentar as relacións fluídas dos centros escolares coas entidades que desenvolven as súas actividades nos mesmos barrios, vilas ou cidades onde se insiren os centros.
- Os centros de ensino deben de ter unha visión global do proceso de normalización lingüística dándolle á súa planificación lingüística unha visión comunitaria e global.
- Desde a Consellería e outras administracións debería existir unha formación continua do profesorado en canto ao galego, tal vez obligatoria, e medidas que motivasen máis ao profesorado como redución horaria, etc.